

Xoves, 5 de febreiro de 2026

Núm. 24

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

GONDOMAR

Persoal, oposicións

BASES XERAIS E ESPECÍFICAS REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL FIXO NO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL, DO CONCELLO DE GONDOMAR (OEP EXTRAORDINARIA 2022).

ANUNCIO

Mediante acordo da xunta de goberno loca, de data 19 de decembro de 2025, aprobouse a Modificación das bases xerais e específicas reguladoras da convocatoria de selección de persoal laboral fixo no proceso de estabilización de emprego temporal, do Concello de Gondomar (OEP Extraordinaria 2022) Disposición adicional sexta da lei 20/2021 (Sistema de selección concurso), de acordo coas bases que se relacionan a continuación:

BASES XERAIS E ESPECÍFICAS REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL FIXO NO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL, DO CONCELLO DE GONDOMAR (OEP EXTRAORDINARIA 2022). DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA DA LEI 20/2021 (SISTEMA DE SELECCIÓN CONCURSO).

PRIMEIRA.- CONTIDO E ÁMBITO DE APLICACIÓN.

Estas Bases teñen por obxecto regular a convocatoria para cubrir unha praza que estivo ocupada con carácter temporal de conformidade coa Lei 20/2021 de 28 de decembro de 2021, relativa ao proceso excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración de 28 de decembro de 2021.

SEGUNDA.- PRAZA A CONVOCAR.

A praza a estabilizar, a súa denominación e características relaciónase a continuación:

| LABORAIS | | | |
|------------|------------------------------|-----------|--------|
| CÓDIGO RPT | CÓDIGO RPT | Nº PRAZAS | QUENDA |
| 07.00.06 | PROFESOR/A MÚSICA (GUITARRA) | 1 | LIBRE |

TERCEIRA.- NORMATIVA APLICABLE.

A realización do procedemento selectivo rexeráse polo disposto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público; no Real Decreto 896/91 do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos



Xoves, 5 de febreiro de 2026

Núm. 24

a que debe axustarse o procedemento de selección do persoal funcionario da Administración Local; na Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; no Real Decreto Legislativo 781/86 do 2 do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; na Lei 30/84 do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública e normas complementarias; no Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, sobre regulamento xeral de ingreso de persoal ao servizo da administración xeral do Estado e provisión de postos de traballo e promoción profesional dos/as funcionarios/as civís da administración do Estado; no texto refundido da Lei do estatuto básico do emprego público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro; na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

A presente convocatoria ten tamén en conta o principio de igualdade de trato entre mulleres e homes polo que se refire ao emprego, de acordo co artigo 14 da Constitución Española; o Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o TRLEBEP; o Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o TRET; a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a Igualdade Efectiva de mulleres e homes; o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

CUARTA.- REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES.

Con carácter xeral, para participar no procedemento selectivo as persoas aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican, ademais dos que se establezan nas bases específicas, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes e deberán manterse durante todo o proceso selectivo:

- a) Ter nacionalidade española ou atoparse comprendido no eido de aplicación do artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto do Emprego Público (TREBEP).
- b) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Estar en posesión do título académico que se estableza nas bases específicas. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fielmente a súa homologación. No suposto de estar en posesión dun título equivalente ao esixido na convocatoria, haberá de alegarse a norma que estableza a equivalencia ou na súa falta acompañar certificado expedido polo órgano competente que acredite a citada equivalencia.
- d) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que aspira, sen que se padeza enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.
- e) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das



Xoves, 5 de febreiro de 2026

Núm. 24

comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

- f) No suposto de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

QUINTA.- PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.

As instancias solicitando participar no proceso selectivo, dirixiranse ao Sr. Alcalde do Concello de Gondomar. Presentaranse, debidamente cubertas, no Rexistro Xeral do Concello, no modelo oficial, que figura como Anexo I nestas bases ou na sede electrónica do Concello de Gondomar, achegando a documentación solicitada, no prazo de vinte (20) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE); ou por calquera das formas establecidas no art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Nos supostos previstos nos apartados b), c), d) e e) do artigo 16.4, as persoas aspirantes deberán comunicalo ao Concello no correo electrónico “personal@concellodegondomar.com”, remitindo copia completa da solicitude rexistrada, durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias.

Ás solicitudes debidamente cubertas, achegaranse os documentos que a continuación se indican e de acordo coa seguinte orde:

- a) Fotocopia do DNI ou NIE. Ademais, as persoas aspirantes estranxeiras deberán presentar documento que acredite que é nacional da Unión Europea ou dalgún Estado o cal en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación á libre circulación de traballadores. Ademais, os familiares das anteriores deberán presentar fotocopia compulsada dun documento que acredite esta condición.
- b) Fotocopia da titulación requirida para o acceso ao posto.
- c) Acreditación requisitos esixidos nas bases específicas da convocatoria.
- d) Xustificante pago dereitos de exame.
- e) Declaración responsable. Anexo II.
- f) Relación de méritos e documentación xustificativa de cada un deles.

SEXTA.- DEREITOS DE EXAME

Será requisito necesario para participar nestes procesos selectivos ter ingresada a taxa pola participación no mesmo, que se abonará dentro do prazo de presentación de solicitudes mediante ingreso ou transferencia bancaria nas seguintes contas do Concello de Gondomar:

- Abanca nº: ES17 2080 5035 0730 4001 1300.
- Caixabank nº: ES65 2100 5752 6102 0000 2566.



Xoves, 5 de febreiro de 2026

Núm. 24

O importe da taxa é o seguinte:

— Grupo A: 34,54 €.

O solicitante aportará xunto coa súa instancia, copia do documento de transferencia ou ingreso no que aparecerá o seu nome e apelidos e á praza á que opta.

Non procederá a devolución dos dereitos de exame nos supostos de exclusión dos procesos selectivos por causa imputable ao/á aspirante.

SÉTIMA.- ADMISIÓN DE PERSOAS ASPIRANTES, DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o órgano competente ditará resolución, no prazo máximo de 3 meses, pola que declarará aprobada a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas. Esta resolución publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Edictos do concello e na sede electrónica. Na publicación faranse constar nome e apelidos, así como, se é o caso, as causas que motivaron a súa exclusión.

As persoas aspirantes excluídas ou omitidas nas ditas relacións disporán dun prazo de dez (10) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no BOP, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos, nos termos do art. 68 da Lei 39/15. Se no dito prazo non se emendan os defectos serán definitivamente excluídas da realización das probas.

En todo caso, co obxecto de evitar erros e, no suposto de producirse, posibilitar a súa emenda no tempo e na forma, as persoas aspirantes comprobarán se os seus datos figuran recollidos correctamente na correspondente relación de persoas admitidas.

No caso de non presentarse alegacións ou emendas á listaxe provisional, elevarase a definitiva.

A resolución pola que se aproba listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas será definitiva no caso de non haber persoas excluídas.

A resolución pola que se aproba a listaxe definitiva publicarase do mesmo xeito que a provisional, determinando, así mesmo, lugar, data e hora de avaliación dos méritos presentados polos/as aspirantes e composición do tribunal, e será determinante dos prazos a efectos de posibles impugnacións ou recursos.

OITAVA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

Os órganos de selección terán carácter colexiado e estarán integrados por un mínimo de 5 membros, un/unha presidente/a, un/unha secretario/a e tres vogais, así como os respectivos suplentes, nomeados pola Alcaldía, previa verificación técnica do cumprimento dos requisitos legalmente establecidos.



Xoves, 5 de febreiro de 2026

Núm. 24

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non poderá exercerse esta en representación ou por conta de ninguén.

A composición dos órganos de selección será fundamentalmente técnica, e todos/as os/ as membros/as deberán contar cun nivel de titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza; non poderá formar parte o persoal de elección ou designación política, os funcionarios interinos, o persoal eventual e persoal laboral temporal.

Correspóndelle á presidencia acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, asegurar o cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos do órgano de selección e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.

O/a secretario/a, que intervirá con voz e sen voto, desempeñará funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia da documentación e actas, elaboración de actas dos acordos, informe e proposta de resolución das alegacións e/ou reclamacións e recursos administrativos que se poidan presentar contra os actos e acordos do órgano de selección. Igualmente deberá realizar as funcións previstas no artigo 16 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

O órgano de selección poderá contar con asesores/as especialistas para asesoramento das materias a puntuar, estes/as colaborarán co órgano de selección exclusivamente na área das súas especialidades técnicas e deberán comparecer a título individual, con voz e sen voto, debendo cumprir os requisitos que para a participación en condición de membros dos órganos de selección establece a lexislación vixente.

Polo órgano de selección deberá acordarse na sesión constitutiva o número máximo de sesións, debendo facerse constar na correspondente acta, podendo ampliarse unicamente por causa xustificada mediante novo acordo do mesmo, debidamente motivado na acta.

O órgano de selección poderá, mediante acordo expreso documentado na acta da primeira sesión ou da sesión constitutiva, de estimalo necesario e imprescindible para o adecuado desenvolvemento do proceso de selección, solicitar o apoio técnico e administrativo do persoal do Concello, que en ningún caso poderá custodiar documentación nin actas; nin estar presente nas deliberacións, correccións e/ou avaliacións que se realicen polo órgano de selección, baixo a responsabilidade directa da Presidencia do órgano de selección.

Para a válida constitución do órgano de selección aos efectos de realización das deliberacións, cualificacións e adopción de acordos, requirirase, en calquera caso, a presenza do presidente e do secretario ou, no seu caso, de quen os substitúa, e máis a metade, cando menos, dos vogais integrantes.

No caso de vacante por ausencia, enfermidade ou calquera outra causa legal, o/a presidente/a será substituído/a, segundo o disposto na resolución que o/a nomeou.



Xoves, 5 de febreiro de 2026

Núm. 24

No caso de que tampouco poida concorrer a persoa substituta, corresponderalle á presidencia do órgano de selección ao vogal de maior antigüidade e de máis idade, de entre os seus membros.

No caso de vacante por ausencia, enfermidade ou calquera outra causa legal, o/a secretario/a será substituído/a, segundo o disposto polo órgano que o/a nomeou. No caso de que tampouco poida concorrer a persoa substituta, corresponderá a función de secretario a un dos vogais, tralo acordo adoptado polo órgano de selección na primeira sesión logo da súa constitución.

Todas as dúbidas e incidencias que xurdan sobre a aplicación das normas das bases da convocatoria, serán resoltas polo Tribunal por maioría de votos das persoas asistentes á sesión, decidindo en caso de empate o voto da Presidencia. Tamén determinará a actuación procedente nos casos non previstos nas mesmas.

O Tribunal cualificador actuará con suxeición ao disposto nas Leis 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e 40/2015, de réxime xurídico do sector público, e demais disposicións vixentes. Na acta da sesión de constitución do Tribunal poderá acordarse que os membros titulares e suplentes dos mesmos actúen de forma indistinta.

Os Tribunais de selección deberán axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderán, na súa composición, á paridade entre homes e mulleres, en cumprimento do establecido no artigo 53 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, e no artigo 60.1 do Texto Refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro.

As resolucións do órgano de selección vinculan á Administración, sen perxuízo de que esta, de ser o caso, poida proceder a súa revisión, conforme o previsto no artigo 106 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra as resolucións e actos do órgano de selección e os seus actos de trámite cualificados, poderán interpoñerse os recursos que legalmente procedan en dereito.

O Secretario do tribunal deberá confirmar a recepción da convocatoria por parte dos seus membros, salvo que a mesma se poida acreditar por medios electrónicos.

Unha vez constituído validamente o órgano de selección, cando algún/algunha dos seus membros se ausente durante a realización ou corrección das probas, o/a secretario/a farao constar na correspondente acta.

Os/as membros/as do órgano de selección deberanse abster de intervir, e notificaranllo ao órgano que os designe, cando concorran neles/as circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como cando realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivos de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte ao disposto no artigo 13.2 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, do regulamento xeral de ingreso.



Xoves, 5 de febreiro de 2026

Núm. 24

Así mesmo, as persoas interesadas poderán recusar os/as membros/as do órgano de selección cando, ao seu xuízo, concorra neles/as algunha das circunstancias previstas no parágrafo anterior, conforme ao establecido no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Todas as actuacións dos órganos de selección publicaranse no taboleiro de edictos da corporación e no de anuncios do lugar onde se leven a cabo as probas, así como na sede electrónica do Concello.

Con todo, sempre que os órganos de selección propuxesen o nomeamento de igual número de aspirantes que o de prazas convocadas, e con fin de asegurar a cobertura destas, cando se produzan renuncias de aspirantes seleccionados/as, antes do seu nomeamento ou toma de posesión, o órgano que convoca poderá requirir do órgano de selección relación complementaria de aspirantes que sigan os/as propostos/as, para o seu posible nomeamento como persoal laboral fixo ou funcionario.

A categoría de cada órgano de selección, e os conseguintes dereitos económicos pola asistencia ás distintas sesións, regularanse polo disposto no Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

Os dereitos económicos dos asistentes aos órganos de selección, técnicos especialistas e administrativos, rexeranse tamén polo dito Real decreto, e percibirán a mesma cantidade que a correspondente a un vogal, sempre que a súa asistencia fose requirida polo presidente/a do citado órgano e así conste expresamente na acta.

Estas mesmas normas rexerán en canto á determinación do número máximo de asistencias para cada proceso selectivo, que determinará o/a presidente/a do órgano de selección, unha vez coñecido o número de aspirantes admitidos/as.

As asistencias devengarase por cada sesión realizada, con independencia de se esta se estende a máis dun día. No caso de que nun mesmo día se realice máis dunha sesión, devengarase unicamente unha asistencia.

NOVENA.- DESENVOLVEMENTO DA VALORACIÓN DOS MÉRITOS

De cada sesión que celebre o Tribunal redactarase unha acta pola/o secretaria/o do mesmo na que se farán constar o resultado da valoración dos méritos das persoas aspirantes, así como as incidencias que se produzan.

DÉCIMA.- SISTEMA DE SELECCIÓN E CUALIFICACIÓN.

O sistema de selección será o de concurso. A puntuación máxima será de 100,00 puntos.

Consistirá na avaliación por parte do Tribunal dos méritos que concorran en cada unha das persoas aspirantes, referidos á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.



Xoves, 5 de febreiro de 2026

Núm. 24

O tribunal non poderá valorar o non alegado e probado polas persoas aspirantes nos documentos achegados no momento de presentaren a solicitude para admisión ás probas selectivas, sen que sexa admisible a concesión de prazo para emendar a falta de alegacións ou de proba de méritos.

O Tribunal avaliará os méritos que aleguen os aspirantes, debidamente xustificados, baixo o seguinte baremo:

A. Experiencia profesional: A puntuación máxima deste apartado será de 70,00 puntos. Non se discriminará entre xornada parcial e completa.

- Por cada mes completo, ou fracción superior a quince días, de servizos prestados en centros públicos ou privados de ensinanza reglada debidamente autorizados, en praza igual á obxecto desta convocatoria, a puntuación será de 0,90 puntos por cada mes de traballo ou fracción superior a 15 días.
- A experiencia profesional na administración pública acreditarase mediante certificacións administrativas dos servizos prestados expedidas polo/a Secretario/a da Administración, ou polo órgano administrativo que, no seu caso, exerza ditas funcións, onde conste claramente:
 - Para a prestación de servizos en réxime funcional: A Escala, Subescala, praza ocupada, Grupo de clasificación, tipo de vinculación (interino, de carreira, en prácticas, etc.) e a duración exacta do período de prestación de servizos.
 - Para a prestación de servizos en réxime laboral: A categoría profesional da praza, grupo de clasificación ou nivel de proporcionalidade, tipo de vinculación (laboral temporal, indefinido non fixo, laboral fixo, etc), e a duración exacta do período de prestación de servizos, así como por calquera outro documento oficial, expedido pola Administración ou Entidade pública, no que se reflecta de forma fidedigna a experiencia profesional alegada. En todo caso, cando se aprecie discrepancia entre a categoría profesional reflectida no contrato de traballo rexistrado nas oficinas públicas de emprego ou o certificado expedido por unha Administración, e o grupo de cotización reflectido no informe de vida laboral, se estará ao indicado no contrato ou no certificado administrativo.
 - A experiencia profesional na empresa privada acreditarase mediante o correspondente contrato laboral acompañado do certificado de vida laboral; debendo constar claramente a denominación da categoría, así como a duración exacta do período de prestación de servizos.

No caso de traballadores/as en activo neste concello as certificacións administrativas de servizos prestados realizaranse de oficio.

Non se computarán os servizos prestados simultaneamente con outros igualmente alegados. Tampouco se computarán os servizos realizados mediante contratos para persoal eventual, de servizos suxeitos á lexislación de contratos do sector público.



Xoves, 5 de febreiro de 2026

Núm. 24

B. Formación non académica:

— Cursos de formación: Valoraranse os cursos de formación, recibidos e/ou impartidos, acreditados ata a data de publicación desta convocatoria, impartidos ou homologados polo Instituto Nacional de Administración Pública, por outros Institutos de Administración Pública ou por Organizacións Sindicais ou outros axentes promotores dentro do marco do Acordo de Formación para o Emprego das Administracións Públicas, así como polo INEM, Colexios Profesionais ou Organizacións Sindicais, sempre que teñan contidos relacionados coas funcións propias da categoría:

- Menos de 10 horas de duración: 5,00 puntos.
- De 10 a 39 horas de duración: 10,00 puntos.
- De 40 a 49 horas de duración: 20,00 puntos.
- De 50 horas ou máis: 30,00 puntos.
- Linguaxe administrativa media: 5,00 puntos.
- Linguaxe administrativa superior: 10,00 puntos.

A formación acreditarase mediante certificado ou diploma no que conste o número de horas, nome, data do curso e datos persoais. Non se terán en conta os certificados ou diplomas nos que non figure o número de horas lectivas.

C. Formación académica

— Valoraranse outras titulacións académicas distintas da esixida como requisito das persoas aspirantes na base correspondente segundo o seguinte baremo:

- Titulación académica superior ao nivel requirido para o acceso ó proceso selectivo de estabilización: 5,00 puntos.

A máxima puntuación neste apartado referido á formación académica é de 5,00 puntos.

A máxima puntuación a obter no conxunto dos apartados B (referido á formación non académica) e C (referido á formación académica), é de 30,00 puntos.

Os aspirantes disporán dun prazo de dez días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación da cualificación do concurso para formular alegacións.

A cualificación final do proceso de selección realizarase sumando a puntuación obtida polos distintos méritos e faranse públicas.

No caso de producirse un empate de puntuación entre varios/as aspirantes, o desempate realizarase na seguinte orde:

- Primeiro, o/a aspirante que esté ocupando unha das prazas obxecto da convocatoria de estabilización na administración convocante.
- Segundo, de persistir o empate o/a aspirante con maior puntuación no apartado A (experiencia profesional).



Xoves, 5 de febreiro de 2026

Núm. 24

- Terceiro, de persistir o empate, o/a aspirante con maior puntuación no apartado B (formación non académica).
- Cuarto, de persistir o empate, terá preferencia a/o aspirante de maior idade.
- Quinto, de persistir o empate, efectuarase sorteo público entre as persoas aspirantes que están empatadas, con presenza obrigada das mesmas.

Para poder ter dereito a ser nomeado/a para a praza convocada, o/a candidato/a deberá obter un mínimo de 20 puntos conforme ao baremo de méritos anterior.

UNDÉCIMA.- RELACIÓN DE PERSOAS APROBADAS.

Finalizada a selección o tribunal fará pública no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na sede electrónica a relación definitiva das persoas aspirantes por orde da puntuación obtida na valoración e elevará ao órgano competente a proposta de nomeamento das persoas aspirantes seleccionadas.

Os tribunais non poderán propoñer para o seu nomeamento un número superior de aspirantes ao das prazas que se convocaran, resultando nulo de pleno dereito calquera acordo que contraviñese o disposto por esta norma.

As/os candidatos/as que non obteñan unha das prazas convocadas, formarán parte dunha lista de substitucións para os efectos de seren nomeados ou contratados/as como funcionarios interinos ou persoal laboral respectivamente.

A listaxe de substitucións funcionará do seguinte xeito:

- Terá vixencia ata que se derogue expresamente.
- As persoas integrantes da listaxe non perderán a orde de prelación que en cada momento lles corresponda, de tal maneira que se rematan a cobertura dun posto retornarán ao posto que lles corresponda na listaxe.
- O chamamento farase por vía telefónica. En aras de garantir este procedemento, os/as interesados/as deberán comunicar ao concello calquera alteración dos seus datos de contacto. Como mínimo realizaranse dúas chamadas, pasando a contactar ao/á seguinte candidato/a segundo a orde de prelación no caso de que non se puidese realizar o contacto. O/A empregado/a público/a que realice o chamamento farao constar mediante dilixencia indicando a disposición ou non do aspirante a cubrir interinamente a praza que corresponde, ou ben da imposibilidade de contactar con el se se dera o caso, con independencia de que se intente a comunicación por outro medio.
- Unha vez feito o chamamento o/a aspirante contará cun prazo de dous días hábiles para contestar e aceptar, debendo presentar nese mesmo prazo a documentación requirida na Base Duodécima.
- De non aceptar o chamamento deberá manifestalo por escrito, e pasarase a chamar ao seguinte aspirante da bolsa. Se se negara a manifestalo por escrito, bastará coa dilixencia do/a funcionario/a que fixera a chamada telefónica.



Xoves, 5 de febreiro de 2026

Núm. 24

- O/A aspirante que rexeite o nomeamento pasará a ocupar o último lugar da lista de aspirantes, salvo que acredite causa xustificada, en cuxo caso retornará ao posto que lle corresponda na bolsa creada. Considéranse coma causas xustificadas:
 - A incapacidade temporal por enfermidade ou accidente (acreditado mediante parte médico).
 - Estar traballando (acreditado mediante contrato de traballo, nomeamento ou certificación).
- En calquera momento os/as aspirantes poderán pedir a súa exclusión da listaxe.

DUODÉCIMA.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS

A persoa ou persoas aspirantes propostas achegarán a administración municipal, no prazo de vinte (20) días naturais, contados a partir da publicación da lista de persoas aprobadas, os documentos seguintes:

- Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.
- Declaración de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, o acceso ó emprego público.
- Declaración responsable de non atoparse incurso/a en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ó momento da súa toma de posesión.
- Fotocopia do número de afiliación á Seguridade Social e documento acreditativo da conta bancaria.

As persoas aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade deberán presentar certificado dos órganos competentes da Administración titular da competencia nesta materia que acredite tal condición e, igualmente, deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo de compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base, agás nos casos de forza maior, ou cando do exame da mesma se deduza que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base cuarta non poderán ser nomeados persoal do Concello e quedarán anuladas as actuacións, sen perxuízo da responsabilidade en que incorreran por falsidade na solicitude de participación.



Xoves, 5 de febreiro de 2026

Núm. 24

DÉCIMO TERCEIRA.- NOMEAMENTO E TOMA DE POSESIÓN

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación pola persoa interesada, o órgano competente efectuará o nomeamento, a favor do/a candidato/a proposto/a.

O nomeamento deberá ser notificado á persoa interesada, que deberá tomar posesión dentro do prazo máximo dun mes, contado dende o día da data de notificación.

No acto de toma de posesión, o persoal nomeado deberá presentar xuramento ou promesa de non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade conforme ao disposto pola Lei 53/1984, de 26 de decembro de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

DÉCIMA CUARTA.- CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES.

As bases de cada convocatoria vinculan ao Concello, aos tribunais cualificadores e ás persoas aspirantes que participen nos procesos selectivos convocados.

No non previsto nas bases da convocatoria, estarase ao establecido no Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, pola Lei 2/2015, do 29 de abril, que aproba a Lei do emprego público de Galicia e, sempre que non se opoña ou contradiga ao anterior, no disposto sobre a materia na Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Real Decreto 896/91, do 7 de xuño; e supletoriamente, Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración do Estado, e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do Estado; a Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

DÉCIMA QUINTA.- RECURSOS.

As presentes bases de convocatoria e cantos actos administrativos se sucedan, así como as actuacións do Tribunal, poderán ser recorridos polos interesados nos casos e na forma prevista na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

(Documento asinado dixitalmente á marxe)



Xoves, 5 de febreiro de 2026

Núm. 24

**BASES ESPECÍFICAS DO PROCESO DE SELECCIÓN DUNHA (1) PRAZA DE
PROFESOR/A MÚSICA (ESPECIALIDADE GUITARRA)**

1. Denominación, características da praza, sistema de selección, xornada, número de prazas e funcións.
 - Denominación: Profesor/a Música, especialidade guitarra.
 - Características da praza: Persoal laboral (fixo discontinuo), enmarcada no grupo I.
 - Sistema selectivo: Concurso.
 - Xornada: Parcial (32,5 horas á semana), con posibilidade de conversión a xornada completa por necesidades do servizo.
 - N^o de prazas: 1.
 - Funcións: Impartición da docencia asignada de guitarra.

2. Dotación económica.

As retribucións serán as establecidas no cadro de retribucións do Orzamento Municipal.

3. Requisitos esixidos.

Ademais dos requisitos sinalados na base cuarta das Bases Xerais deberán reunir os seguintes requisitos:

- Estar en posesión do título de Graduado/a en Música na Especialidade de guitarra; Título Superior de Música, Especialidade Interpretación, Itinerario guitarra (LOE); Título Superior de guitarra (LOXSE) e Título de Profesor Superior, ou de Profesor, de guitarra (Plan 1966).

As persoas aspirantes deberán posuír todos os requisitos esixidos no apartado anterior o día en que remate o prazo para presentar as solicitudes.



Xoves, 5 de febreiro de 2026

Núm. 24

*ANEXO I. SOLICITUDE***CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL FIXO NO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DO CONCELLO DE GONDOMAR (OEP EXTRAORDINARIA 2022)-DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA DA LEI 20/2021 (SISTEMA DE SELECCIÓN CONCURSO).**

D./ DNA. _____

Enderezo: _____

DNI. N.º: _____ Teléfono de contacto: _____

Correo electrónico: _____

Interesado/a en tomar parte no proceso de selección convocado polo Concello de Gondomar para a praza de *Profesor/a de Música, especialidade guitarra (Persoal laboral)*.

DECLARA: Que coñece e acepta integramente o contido das bases de convocatoria, que son certos os datos consignados nesta solicitude e que na data de remate do prazo de presentación de instancias reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria, polo exposto e declarado,

SOLICITA: Que tendo por presentada esta solicitude e documentación que achega coa mesma, sexa admitido/a ao proceso selectivo indicado.

DOCUMENTACION QUE SE PRESENTA:

- DNI.
- Titulación académica esixida nas bases específicas da convocatoria.
- Acreditación requisitos esixidos nas bases específicas da convocatoria.
- Xustificante pago dereitos de exame.
- Declaración xurada conforme Anexo II.
- Relación de méritos e documentación xustificativa de cada un deles.

_____, ____ de _____ de 2025

*(Sinatura do/a solicitante)***SR. ALCALDE- PRESIDENTE DO CONCELLO DE GONDOMAR.-**

Xoves, 5 de febreiro de 2026

Núm. 24

ANEXO II: DECLARACIÓN XURADA**CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL FIXO NO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DO CONCELLO DE GONDOMAR (OEP EXTRAORDINARIA 2022)-DISPOSICIÓN ADICINAL SEXTA DA LEI 20/2021 (SISTEMA DE SELECCIÓN CONCURSO).**

D./ DNA. _____

Enderezo: _____

DNI. N.º: _____ Teléfono de contacto: _____

Correo electrónico: _____

Interesado/a en tomar parte no proceso de selección convocado polo Concello de Gondomar para a praza de **Profesor/a de Música, especialidade guitarra (Persoal laboral)**.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- Que mediante a sinatura desta declaración xurada, autoriza ao Tribunal de selección a solicitar, no seu caso, calquera documentación que considere oportuna para acreditar e/ou validar os datos contidos nela.
- Que mediante a sinatura deste documento responsabilízase da veracidade de todos os datos que recolle, e asume as posibles consecuencias derivadas da falsidade e/ou ocultación de información.
- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, Comunidade Autónoma nin Entidade Local, nin atoparse inhabilitado para o exercicio da función Pública.
- Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- Estar en posesión da titulación mínima requirida.

Vistos estes antecedentes, é polo que:

SOLICITA

Se teña por presentada esta declaración xurada como documentación obrigatoria do proceso selectivo referenciado.

_____, ____ de _____ de 202_

(Sinatura do/a solicitante)

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE GONDOMAR.-